

# PASEARTE

Do 2 de decembro ao 5 de xaneiro, 2017-2018

Xeneral Pardiñas  
Montero Ríos  
República do Salvador  
Doutor Teixeiro  
Alfredo Brañas  
República Arxentina  
Praza Roxa  
San Pedro de Mezonzo  
Ramón Cabanillas  
Fernando III o Santo  
A Rosa  
O Hórreo  
Rosalía de Castro  
Diego de Muros  
Ramón Rodríguez Carracido  
CSC do Ensanche

PASEARTE

santiago centro  
área comercial

TRINTA arte contemporánea

METRO

LUISA PITA  
galería de arte

federica no era toita

XUNTA  
DE GALICIA

CONCELLO DE  
SANTIAGO

QUATRIUM  
INMOBILIARIA

Ulla Oil s.l.

taller de marcos

The logo for 'PASEARTE' features the word in a stylized, outlined font. The letter 'A' is highlighted in yellow, and the letters 'E' and 'R' are highlighted in blue.The logo for 'santiago centro área comercial' consists of the text 'santiago centro' in a lowercase sans-serif font, with 'área comercial' in a smaller font below it. Two green wavy lines are positioned above and below the text.The logo for 'TRINTA arte contemporánea' features the word 'TRINTA' in a bold, uppercase sans-serif font, followed by 'arte contemporánea' in a smaller, lowercase sans-serif font.The logo for 'METRO' is the word in a bold, uppercase sans-serif font.The logo for 'LUISA PITA galería de arte' features a small square icon with a grid pattern to the left of the text 'LUISA PITA' in a bold, uppercase sans-serif font, with 'galería de arte' in a smaller font below it.The logo for 'federica no era tonta' features the text in a lowercase, handwritten-style font.

## PRIMEIRA MOSTRA DE ARTE NOS ESCAPARATES DE SANTIAGO CENTRO DO 2 DE DECEMBRO DE 2017 AO 5 DE XANEIRO DE 2018

Coincidindo cunhas datas tan relevantes para o comercio como son as do Nadal, Santiago Centro promove a celebración da primeira edición de **Pasearte**, unha iniciativa cultural que ten como obxectivo converter as rúas comerciais do Ensanche compostelán nun atractivo para pasear e gozar da arte nos seus escaparates, achegándoa así ao gran público e contribuíndo a poñer en valor o comercio de proximidade. A mostra está comisariada e dirixida por **Javier Blanco**, galerista e xestor cultural (Galería Metro). Realízase grazas á colaboración do **Concello de Santiago**, a **Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia**, **Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia**, **Grupo Ulla**, **Quatrium** e máis **Taller de Marcos**, así como do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche.

Nos comercios, de todos os tamaños e sectores, exhiben as súas obras artistas en diferentes disciplinas, mostrando pintura, escultura, fotografía ou mesmo instalacións *ad hoc* para os escaparates. A selección e adaptación das obras para cada espazo foi realizada polas **galerías compostelás Trinta, Metro, Luisa Pita e Federica no era tonta**, que sacan os seus fondos ás rúas e contribúen a dar visibilidade ao seu importante labor, así como a divulgar entre o gran público a obra dos artistas que representan.

Pasearte realízase nesta primeira edición en **84 establecementos comerciais de 15 rúas do Ensanche** compostelán, que acollerán, ata o día 5 de xaneiro de 2018, **obras de máis de 40 artistas**.

**Pasearte nace para converterse nun referente cultural para Santiago e para Galicia**, e proxectar a Zona Nova como espazo lúdico e participativo en torno á cultura, contrinuíndo a eliminar barreiras urbanas e máis a promover o tránsito de veciños e visitantes. **Pasearte** inclúe ademais unha ampla programación transversal, con obradoiros, charlas, encontros ou accións artísticas en vivo para disfrutar da arte en diferentes formatos.

## OBXECTIVOS

- Contribuír ao coñecemento e disfrute das novas tendencias da arte e á posta en valor do traballo dos nosos creadores.
- Xerar sinerxias dirixidas a dinamizar a vida cultural da cidade mediante unha iniciativa que beneficie ao comercio de proximidade e dea visibilidade ao labor das galerías de arte da cidade.
- Facilitar o achegamento do público á arte contemporánea, sacándoa dos seus espazos habituais e convertendo as rúas nun atractivo para pasear e gozar.
- Fomentar a participación cidadá mediante vivencias culturais en primeira persoa.

## AS RÚAS COMO ESPAZO EXPOSITIVO

As obras exhibense nos escaparates da área comercial do Ensanche compostelán. A montaxe das obras nos escaparates deseñouse de tal xeito que tanto a arte exposta como os produtos exhibidos polo comercio convivan nun escenario que proxecte valor a ambos. **Distribuiranse 20.000 planos de percorrido da exposición**, que sinalarán os comercios participantes, os artistas que acollen e as galerías que os representan, para que o público goce da arte mentres mira os escaparates ou fai as súas compras.

## A EXPOSICIÓN

A mostra está formada por obras producidas en diferentes disciplinas, pintura, escultura, fotografía ou instalacións, participando artistas locais, nacionais e internacionais representados polas galerías de arte colaboradoras, o que garante a súa calidade e pluralidade, ademais de promover a participación dos profesionais da arte da cidade.

Entre os artistas que participan na mostra atópanse **Esther Ferrer, Antonio Murado, Sheila Pazos, Daniel Verbis, Iván Prieto, Xavier Cuiñas, José Ramón Asis, Eva Lootz, Soledad Penalta, Olmo Blanco, Curro Ulzurrun, Xurxo Alonso, Rosendo Cid, Vari Caramés, Vicente Prego, Berta Cáccamo, Xaquín Cháves, Lara Pintos, Mario Marín, Iúa Gándara, Santi Jiménez, María José Gallardo, Gilbert Garcin, Miguel Ángel Molina, Lomarti, Carmen Sanzsoto, Roberto González Fernández, Bosco Caride, Ana Gil Rodríguez, Jesús Madriñan, Miguel Cuba, José Andrés Santiago, Norberto González, Oscar Cabana, Edu López, David Planas, Alina Granados, Marta Iglesias, Edu Valiña, María Ortega Estepa, Pamen Pereira, Joseba Muruzábal, Mar Vicente e Xurxo Martiño**

## COMISARIO DA MOSTRA

Javier Blanco Lado (Compostela 1961). Xestor cultural. Comisario de exposicións e eventos artísticos. Desenvolveu ao longo dos anos unha actividade dirixida á promoción e difusión da arte, dirixindo e xestionando numerosos proxectos enfocados á proxección da arte contemporánea. En 1987 funda Mundo Creativo, Espazo de Belas Artes en Compostela, con obradoiros de artes plásticas e sala de exposicións. No ano 2000 funda a Galería de Arte EME-C\* en Santiago que dirixe ata o 2006. Desde o ano 2000 coordina o Certame de Arte Reganosa. Do 2006 ao 2012 é Director Artístico da Fundación FEIMA para a promoción da Arte Galega en Madrid, deseñando e dirixindo a actividade cultural da Fundación. Socio fundador e Xerente da empresa cultural MC PROXECTOS DE ARTE SL., no ano 2007 funda METRO en Santiago, da cal é director.

## ACTIVIDADES TRANSVERSAIS

**Pasearte** concíbese como unha experiencia cultural aberta a todo tipo de públicos, na que ademais do descubrimento das obras de arte nos escaparates se poida gozar dunha programación participativa, con actividades que contribúan a que nos mergullemos na arte do noso tempo.

**Obradoiros de Arte.** Impartidos por profesionais da arte, destinados a un público familiar (adultos e nenos). Coa programación preténdese promover o desenvolvemento da creatividade, o coñecemento das novas tendencias e o interese pola formación artística como medio de crecemento persoal. Previa inscrición, poderán asistir familias, cativos sos a partir dos 6 anos de idade, mozos, adultos e maiores. A duración é de dúas horas e os materiais incluídos.

**Foros e Encontros con Artistas.** Para coñecer o panorama da arte actual da man dos seus profesionais. Asemade, gozaremos de vivencias en primeira persoa con algún dos artistas participantes, achegándonos ao desenvolvemento dos seus procesos creativos.

**Accións artísticas.** Para gozar de experiencias en vivo vinculadas a arte. *Performances*, nas que o artista e a súa acción se convirten nunha obra de arte efémera; ou intervencións plásticas en escaparates e en diferentes espazos urbanos do Ensanche.

**Visitas Guiadas.** Para vivir a mostra dun xeito diferente, aprendendo, descubrindo e compartindo. Aberto a todos os públicos, faranse ademais visitas específicas para grupos de diferentes colectivos.

DATA	OBRADOIROS DE ARTE		ONDE	HORA
23 DECEMBRO	Impartido por Adriana Pazos Ottón. OLALAB	Familias	CSC Ensanche	De 18 a 20 h
29 DECEMBRO	Impartido por María Eiras. MAREIRAS	Familias	CSC Ensanche	De 18 a 20 h
30 DECEMBRO	Impartido por Joseba Muruzábal. Academia VELADURAS	Maiores 14 anos	CSC Ensanche	De 18 a 20 h
2 XANEIRO	Impartido por Tita Fraga.	Familias	CSC Ensanche	De 18 a 20 h
4 XANEIRO	Impartido por Neves Seara. Aire Centro de Arte.	Familias	CSC Ensanche	De 18 a 20 h

DATA	ENCONTROS E FOROS DE ARTE	ONDE	HORA
12 DECEMBRO	ENCONTROS I Encontro cun artista da Galería Luisa Pita	Lembranza	18 h.
14 DECEMBRO	FORO DE ARTE I Os museos na vida cultural da cidade	CSC Ensanche	18 h.
19 DECEMBRO	ENCONTROS II Encontro cun artista da Galería TRINTA	Krystal	18 h.
21 DECEMBRO	FORO DE ARTE II As galerías de arte. Acción cultural e coleccionismo.	CSC Ensanche	18 h.
27 DECEMBRO	ENCONTROS III Encontro cun artistas da Galería Federica no era tonta	Lembranza	18 h.
30 DECEMBRO	FORO DE ARTE III A arte como ferramenta de inclusión social	CSC Ensanche	18 h.
3 XANEIRO	ENCONTROS IV Encontro cun artista da Galería METRO	Krystal	18 h.

DATAS	ACCIÓNS ARTÍSTICAS	ONDE	HORA
Do 5 ao 15 de DECEMBRO	Intervencións en escaparates. 4 artistas.	Diferentes ubicacións	Ao longo do día
Do 5 ao 15 de DECEMBRO	Intervencións nas árbores. 4 artistas.	Diferentes ubicacións	Ao longo do día
20, 22, 26 e 28 de DECEMBRO	Ciclo de performances. 4 artistas.	Diferentes ubicacións	19 h

DATAS	VISITAS GUIADAS	PUNTO DE ENCONTRO	HORA
21, 22, 23, 28, 29,30 DECEMBRO 2, 3, 4 XANEIRO	Todos os públicos.	Xeneral Pardiñas. 10-12 Edificio Fenosa	18 h.
12, 13, 14, 15 DECEMBRO	Escolares.	Xeneral Pardiñas. 10-12 Edificio Fenosa	12 h

## ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

### RÚA DO XENERAL PARDIÑAS

ESTABLECEMENTO	ARTISTA	GALERÍA
TRALALÁ	SHEILA PAZOS	GALERÍA METRO
ÓPTICA HERMO	VARI CARAMÉS	LUISA PITA
ALFONSO JOYEROS	ROBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	FEDERICA NO ERA TONTA
JAEI JOYERÍA	ROBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	FEDERICA NO ERA TONTA
OPTICALIA	ESTHER FERRER	GALERÍA TRINTA
QUIATRIUM	XURXO ALONSO	GALERÍA METRO
JOSÉ OTERO	OLMO BLANCO	GALERÍA METRO
TALLER DE MARCOS	LÚA GÁNDARA	GALERÍA METRO
EL ARMARIO DE ALMA	LARA PINTOS	FEDERICA NO ERA TONTA
ELSAVADEBODA	SHEILA PAZOS	GALERÍA METRO
TOXO	MARÍA JOSÉ GALLARDO	LUISA PITA
EBONY	ANTONIO MURADO	GALERÍA TRINTA
GRANATTE	MARÍA ORTEGA ESTEPA	LUISA PITA
ACTUALITY	IVÁN PRIETO / LARA PINTOS	FEDERICA NO ERA TONTA

PASEARTE

santiago centro  
área comercial

TRINTA arte contemporánea

METRO

LUISA PITA  
galería de arte

federica no era tonta

MILINCHOS	ANTONIO MURADO	GALERÍA TRINTA
HELEN	DAVID PLANAS	LUISA PITA
ROBERTO VERINO	XAVIER CUIÑAS	GALERÍA METRO
ALLEGRA	JOSÉ ANDRÉS SANTIAGO	GALERÍA METRO
CALZADOS PIEPAS	GILBERT GARCÍN	GALERÍA TRINTA
FRISÉE	VICENTE PREGO	FEDERICA NO ERA TONTA

## RÚA MONTERO RÍOS

ESTABLECEMENTO	ARTISTA	GALERÍA
TETÉ NIÑOS	MARTA IGLESIAS	GALERÍA METRO
VELNOVIAS	BELÉN PADRÓN	GALERÍA METRO
CALZADOS RICHI	SANTI JIMÉNEZ / IVÁN PRIETO	FEDERICA NO ERA TONTA
MOKSIN	SOLEDAD PENALTA	LUISA PITA
TIEN 21	XURXO MARTIÑO	GALERÍA TRINTA
FOLLAS NOVAS	ROSENDO CID	GALERÍA METRO
FOLLAS NOVAS	JOSÉ ANDRÉS SANTIAGO / LARA PINTOS	FEDERICA NO ERA TONTA
ANTONIO ÓPTICA	MARÍA JOSÉ GALLARDO	LUISA PITA
OLIVAS	JOSÉ RAMÓN AIS	GALERÍA TRINTA

## REPÚBLICA DO SALVADOR

ESTABLECEMENTO	ARTISTA	GALERÍA
SUCRE&FIRENZE		GALERÍA TRINTA
OLIVARES BAGS&SHOES	MARIO MARÍN	GALERÍA METRO
ÓPTICA TÁBORA	ÓSCAR CABANA	FEDERICA NO ERA TONTA
CHAROL	MARÍA JOSÉ GALLARDO	LUISA PITA
VALLADARES		GALERÍA METRO
RICHARD	LUÍS CARUNCHO	GALERÍA METRO
NÚA	JOSÉ ANDRÉS SANTIAGO	FEDERICA NO ERA TONTA
ASTHOR DECORACIÓN	MAR VICENTE	GALERÍA TRINTA

## PRAZA ROXA

ESTABLECEMENTO	ARTISTA	GALERÍA
ÓPTICA VAL	SOLEDAD PENALTA	LUISA PITA



## DOUTOR TEIXEIRO

ESTABLECEMENTO	ARTISTA	GALERÍA
ATOMIC TENDA	MARÍA PUERTAS	LUISA PITA
GENERAL ÓPTICA	ÓSCAR CABANA	FEDERICA NO ERA TONTA
BABUCHAS	LOMARTI	GALERÍA METRO
GRANATTE		GALERÍA TRINTA
KOOKAÏ NAF NAF	MARÍA JOSÉ GALLARDO/MAR HERNÁNDEZ RIQUELME	LUISA PITA
THINGS		GALERÍA TRINTA
SISIA SABORIDO	LARA PINTOS	FEDERICA NO ERA TONTA

## SAN PEDRO DE MEZONZO

ESTABLECEMENTO	ARTISTA	GALERÍA
TINTORERÍA ESPAÑA	XURXO ALONSO	GALERÍA METRO
CENTRO DEPORTIVO		FEDERICA NO ERA TONTA
LA TIENDA DE MARÍA		GALERÍA TRINTA
COSTUREIRA VIAXEIRA	SHEILA PAZOS	GALERÍA METRO
PALACIO DE LABORES	ANA GIL	GALERÍA METRO

## REPÚBLICA ARGENTINA

ESTABLECIMIENTO	ARTISTA	GALERÍA
ÓPTICA TÁBORA	PAMEN PEREIRA	GALERÍA TRINTA
LAKÚ		
SARTO	CARLOS MAÑO	GALERÍA METRO
ENTRENARANJOS	JOSEBA MURUZÁBAL	GALERÍA METRO
ÓPTICA VAL	EMILIO MARIÑO	GALERÍA METRO

## ALFREDO BRAÑAS

ESTABLECIMIENTO	ARTISTA	GALERÍA
BAMBINA CHIC	JESÚS MADRIÑÁN	TRINTA
BOLCHETA		GALERÍA TRINTA
BONINO	IVÁN PRIETO	FEDERICA NO ERA TONTA
DÁNDARA	MARÍA JOSÉ GALLARDO	LUISA PITA0
CALZADOS CHIQUI	LOMARTI	GALERÍA METRO
FERRO	IVÁN PRIETO	FEDERICA NO ERA TONTA
EUREKAKIDS	MARTA IGLESIAS	GALERÍA METRO
BELLABAILARINA	MIGUEL CUBA	GALERÍA METRO

PASEARTE

santiago centro  
área comercial

TRINTA arte contemporánea

METRO

LUISA PITA  
galería de arte

federica no era tonta

ZPATOS	MIGUEL CUBA	GALERÍA METRO
DE MUÁ	AMPARO GARRIDO	GALERÍA TRINTA
CALZADOS PACHI	JOSÉ ANDRÉS SANTIAGO	FEDERICA NO ERA TONTA
ÓPTICA HOLGUERAS	FELIPE ORTEGA REGALADO	LUISA PITA
JULIO TAPICERÍAS	AMALIA COSTA	GALERÍA METRO
RAÍÑA	VICENTE PREGO	FEDERICA NO ERA TONTA
MOGAMBO	DAVID PLANAS	LUISA PITA

## RAMÓN CABANILLAS / FERNANDO III O SANTO

ESTABLECEMENTO	ARTISTA	GALERÍA
A CESTA DA SAÚDE	LOMARTI	GALERÍA METRO
LOURDES KIDS	MARÍA ORTEGA ESTEMA	LUISA PITA
MARABILLAS	EDU LÓPEZ	GALERÍA TRINTA

PASEARTE

santiago centro  
área comercial

TRINTA arte contemporánea

METRO

LUISA PITA  
galería de arte

federica no era tonta

## A ROSA

ESTABLECIMIENTO	ARTISTA	GALERÍA
NOBEL MUEBLES	XAQUÍ CHAVES	GALERÍA METRO
EL IN-PERFECTO	CARMEN SANZ SOTO	LUISA PITA

## HÓRREO

ESTABLECIMIENTO	ARTISTA	GALERÍA
ARMERÍA TORIBIO		
RIMESS MUSICAL	EMILIO MARIÑO	GALERÍA METRO
A REIXA-MATRIOSKA	SANTI JIMÉNEZ	FEDERICA NO ERA TONTA
PORTELA SEIJO	DIN MATAMORO	GALERÍA TRINTA
NECK&NECK	DAVID PLANAS	LUISA PITA



## ROSALÍA DE CASTRO

ESTABLECIMIENTO	ARTISTA	GALERÍA
D'ALDEA		
AMANCIO DEPORTES	JAVIER CABO	GALERÍA METRO
XANELA DE DANZA	IVÁN PRIETO	FEDERICA NO ERA TONTA

## DIEGO DE MUROS / RODRÍGUEZ CARRACIDO

ESTABLECIMIENTO	ARTISTA	GALERÍA
BARAKA	IVÁN PRIETO	FEDERICA NO ERA TONTA
MARÍA BREY	NORBERTO GONZÁLEZ	GALERÍA METRO

Promovido por

Santiago Centro é o centro comercial aberto do Ensanche de Santiago, a principal área residencial e de actividade comercial e profesional da capital galega. Ten fórmula xurídica de Fundación e o recoñecemento como Fundación de Interese Galego. Nos seus trece anos de vida, Santiago Centro ten desenvolvido innumerables proxectos de dinamización comercial e de promoción da cohesión empresarial e veciñal da súa área de influencia.

Coa colaboración de

Gabinete de Comunicación  
T. 981 555 920 / M. 686 976 139  
Correo: [info@santiagocentro.gal](mailto:info@santiagocentro.gal)